



25/01/2019

Cinco candidatos optan ao premio Cociñeiro 2019 Fórum Gastronómico

O gañador, que se coñecerá durante a primeira xornada do Fórum Gastronómico A Coruña, será escollido por un comité de expertos

O Fórum Gastronómico celebrarase os días 10, 11 e 12 de marzo de 2019 en ExpoCoruña

A primeira xornada do Fórum Gastronómico A Coruña 2019 será o día no que se dará a coñecer o nome do Cociñeiro 2019 Fórum Gastronómico, un galardón que desde 2014 enaltece e recoñece o labor dos cociñeiros emerxentes que ofrecen propostas culinarias de calidade, utilizan produtos de proximidade, fan unha cociña sustentable e difunden estes valores.

A mañá do domingo 10 de marzo terá lugar no Auditorio a sesión na que os 5 candidatos amosarán en directo as súas cualidades. Os cinco finalistas son: **Alén Tarrío** (Pampín, Santiago); **Carlos González** (Merenzao, Sober, Lugo); **Gerson Iglesias** (Adega das Caldas, Ourense); **Adrián Fuentes** (Abisal, Vigo) e máis **Víctor Fernández** (Morro Fino, Vigo).

Os candidatos, preseleccionados por un xurado especial, destacan por ofrecer nos seus establecementos unhas propostas culinarias apegadas á terra e á súa contorna, pero tamén por achegar toques de innovación e un selo ben persoal. Todos eles cociñarán en directo o día 10 un prato que os identifica e que resume a súa cociña e a súa filosofía.

Nas anteriores edicións os premiados foron **Diego López** (La Molinera, Lalín) no 2014; **Gorka Rodríguez** (A Pulpeira de Melide, A Coruña) no 2015 e **Jorge Gago** (A Maceta, Santiago) no 2017.

Ademais do Cociñeiro 2019 Fórum Gastronómico, o Fórum acollerá outros premios e concursos como os **Premios Picadillo** en recoñecemento á traxectoria profesional de cociñeiros, enólogos, responsables de sala, produtores e divulgadores da cultura culinaria e os **Premios InnoFórum** que premian a innovación na gastronomía salientando o produto máis innovador, a embalaxe máis creativa e o gusto máis orixinal. E non ha faltar os tradicional Concursos de Polbeiras/os, que chega xa á sétima edición, e que premia a

habilidade dos profesionais na elaboración e servizo do Polbo á Feira. Dotado con tres premios, está aberto a todos aqueles profesionais galegos que desexen amosar a súa destreza na arte de cociñar un bo polbo.

Fórum Gastronómico A Coruña 2019 conta co apoio de Estrella Galicia como patrocinador principal ademais de Cabreiroá, Pujadas ou Cacao Barry, e mailo soporte técnico de Makro, Abril, Josmaga, Instituto Galego do Viño, Tawi, Bragard ou Audi Arrojo, entre outros.

Nado no 1999, o Fórum Gastronómico celebra este 2019 os seus 20 anos de vida. Actualmente conta con tres sedes, Girona, Barcelona e A Coruña.

Para máis información:

Nati Palomo
Responsable de Comunicación
T. 660 59 31 22